


TEMA 1: AMÓS

O profeta da xustiza social

Am 8,4-11

"Escoitade isto, os que pisades ao pobre"



Ambientación

Abrimos os nosos oídos e o noso corazón co fin de que a Palabra, que imos escoitar, nos esperte e nos anime a comprometermos coa causa dos pobres. Comezaremos rezando xuntos o **Salmo 82** (81).

Deus érguese no concello divino,
fai xuízo na xunta dos deuses.

¿Por canto tempo aínda xulgaredes inxustamente
favorecendo a causa dos malvados?

Facede xustiza ós pobres e ós orfos,
dade o seu dereito ós humildes e ós pobres,
rescatade ós pobres e oprimidos,
librádeos da man dos malvados.

Eles non saben nin entenden; camiñan ás escuras,
mentres o mundo treme desde os alicerces.

Eu dixera: -"Sodes deuses,
fillos todos do Altísimo;
pero morreredes coma os homes,
caeredes o mesmo cóis tiranos".

Érguete, Deus, goberna ti a terra,
pois todos os pobos che pertencen.

Antes de empezar buscamos **Am 8,4-11.**

Miramos a nosa vida

Lemos o seguinte relato:

Remedios é unha esposa nova e nai de dous fillos que chegou a España hai dous anos fuxindo da situación que hai en Venezuela. É filla de españois pero os seus pais faleceron e non ten irmáns.

Cando chegou, co seu esposo e fillos pequenos, uns familiares afastados déronlle pousada uns días.

Inmediatamente puxéronse a buscar traballo. O seu esposo, Manuel, que é moi habilidoso e capaz de facer múltiples cousas, non atopa nada fixo. De cando en vez un amigo, contratista, chámalo para facer un traballiño e trae uns euros a casa. Remedios, tivo máis sorte. Atopou unha familia que lle pediu coidar un ancián. Dábanlle seiscentos euros ao mes. Por suposto, ningún dos dous ten seguro. Hai un mes o ancián morreu... e a familia díxolle que xa non a precisaban.

Neste momento non ten ningún ingreso. Ademais, con isto da pandemia... non hai onde buscar nada. A súa situación é desesperada porque non teñen como afrontar o día a día.

A pobreza e a precariedade teñen moitas causas. Pero ímonos fixar no relato:

- *De que viven Remedios e a súa familia? É xusto que estean nesta situación?*
- *Coñeces casos parecidos?*
- *Que outras formas de explotación coñeces?*

Escoitamos a Palabra de Deus

Amós, no seu pequeno libro, descríbennos os desaxustes sociais e económicos do seu tempo. O primeiro dos profetas escritores denuncia a descomposición de Israel. Esta testemuña do Deus vivo e xusto reclama xustiza entre os seres humanos. Na pasaxe que imos ler veremos como os comerciantes prosperan a base de cometer fraudes cos pobres.

- Comezamos facendo un **momento de silencio** para escoitar ao Señor que nos fala a través da súa Palabra.
- Un membro do grupo le en voz alta a lectura de **Am 8,4-11**.

⁴ *Escoitade isto, os que pisades ao pobre e eliminades aos humildes do país,*

⁵ *dicindo: «Cando pasará a lúa nova,*

*para vender o gran,
e o sábado, para abrir os sacos de cereal
—reducindo o peso e aumentando o prezo,
e modificando as balanzas con engano—
6 para comprar ao indixente por prata
e ao pobre por un par de sandalias,
para vender ata o salvado do gran?».*

*7 O Señor xurouno pola Gloria de Jacob:
«Non esqueceréi xamais
ningunha das súas accións».*

*8 Non vai tremer por isto o país,
e non farán duelo todos os seus habitantes?
Alzarase todo el como o Nilo,
como o Nilo de Exipto axitarase e acougarase.*

*9 Aquel día —oráculo do Señor Deus—
farei que o sol se oculte ao mediodía,
e escurecerei a terra en pleno día.*

*10 Transformarei as vosas festas en duelo,
e todas as vosas cancións en elexía.
Poñerei arpillera sobre toda costas
e deixarei rapada toda cabeza.*

*Será como o duelo por un fillo único,
e o final como un día de amargura.*

*11 Veñen días —oráculo do Señor Deus—
en que enviarei fame ao país:
non fame de pan, nin sede de auga,
senón de escoitar as palabras do Señor.*

• **Reflexionamos en silencio.** Para entender mellor a pasaxe é bo lembrar todo o que sabemos sobre o profeta Amós. As notas da Biblia poden axudarnos nesta tarefa.

- *Como era a sociedade de Israel no tempo de Amós? Que denuncia o profeta?*
- *Segundo a pasaxe que acabamos de ler, quen oprime á xente humilde?*
- *Que inxustizas concretas se describen?*
- *Que castigo anuncia Deus a Israel por oprimir aos pobres?*

Volvemos sobre a nosa vida

Acabamos de ver como a situación de inxustiza na que vivimos non é un fenómeno novo. Xa o profeta describe sen andrómenas a desigualdade social que reinaba en Israel. Denuncia as inxustizas dos comerciantes que pretenden aproveitarse dos máis débiles do país. Os pobres chegan a venderse mesmo por un par de sandalias.

O Señor, como fixo no pasado con Moisés, escoitou ao pobo oprimido e envioulle ao profeta Amós para libralos.

- *Que persoas ou colectivos denuncian, como o fixo o profeta, a indefensión na que viven tantos homes e mulleres na terra? Coñeces a algunhas delas?*

- *Como loitamos contra a inxustiza que hai na nosa contorna?*
- *Ata que punto os cristiáns nos sentimos chamados a formar parte de movementos organizados para traballar pola liberación dos pobos?*

Oramos

Recollemos en forma de oración o que a lectura e a meditación desta pasaxe de Amós suxeríronnos.

- Comezamos lendo de novo **Am 8,4-11**.
- Pasamos polo corazón os xestos de denuncia, os xestos solidarios dos que fósemos testemuñas ao longo da nosa vida.
- Nun segundo momento daremos grazas a deus por todas estas persoas ou colectivos que comprometeron as súas vidas por liberar aos máis débiles da nosa sociedade. Despois de cada intervención diremos xuntos: *"Axúdanos Señor a ser testemuñas do teu amor polos máis fráxiles da nosa terra"*.
- Acabamos recitando xuntos o **Magníficat** (Lc 1,46-55) que relata, en boca de María, a preferencia de Deus polos pobres.

Proclama a miña alma a grandeza do Señor,
alégrese o meu espírito en Deus, o meu salvador;
porque mirou a humillación da súa escrava.

Desde agora felicitaranme todas as xeracións,
porque o Poderoso fixo obras grandes por min:
o seu nome é santo,
e a súa misericordia chega aos seus fieis
de xeración en xeración.

El fai proezas co seu brazo:
dispersa aos soberbios de corazón,
derruba do trono aos poderosos
e enaltece aos humildes,
aos famentos cólmaos de bens
e aos ricos despídeos baleiros.

Auxilia a Israel, o seu servo,
acordándose da misericordia
—como o prometía aos nosos pais—
en favor de Abrahán e a súa descendencia por sempre.

Gloria ao Pai, e ao Fillo, e ao Espírito Santo.
Como era no principio, agora e sempre,
polos séculos dos séculos. Amén.

Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar
un pouco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el
Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px. 45 a 58.